



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	<b>CELGA 1</b>
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 1






## Proba A1

Unha amiga súa decidiu ir facer sendeirismo á montaña este verán por primeira vez. Vostede acaba de escoitar na radio dez consellos para as persoas que practican esta actividade deportiva, e decide escribirlle unha **mensaxe electrónica** á súa amiga baseándose no que escoitou. Nesta mensaxe, de **150 palabras**, vostede deberá:

- Saudala e indicarlle o motivo polo cal lle escribe.
- Comentarlle como mínimo tres cousas que debe levar e por que.
- Informala polo menos de dous aspectos cos que debe ter coidado e por que.
- Despedirse desexándolle unhas boas vacacións.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

## Proba A2

Vostede atopou esta mensaxe nunha botella mentres camiñaba por unha praia. Quedou moi sorprendido/a e decidiu contestarlle ao seu remitente. Adoptando un nome ficticio, escíballe unha **carta**, de **150 palabras**, na que debe:

- Saudalo e dicirlle o lugar e a data en que atopou a mensaxe.
- Presentarse, contestando todas as preguntas que lle fai.
- Preguntarlle por algunha das cousas que di na mensaxe.
- Despedirse, expresando interese en seguir comunicándose con el.

Martiño Sobreira  
27 Beach Street  
Harbor Isle - LI, NY  
11558-516


Ola. Chámome Martiño Sobreira e teño 10 anos. Vivo en Harbour Isle, en Long Island, unha illa moi bonita e turística do estado de Nova York. Os meus pais son galegos, pero cando nacín xa vivían aquí. Temos un restaurante moi grande e no verán está sempre cheo, polo que nunca podemos viaxar. As veces veñen persoas de Galicia e falo galego con elas. Estudo nunha escola moi grande e bonita. O meu irmán chámase Carlos, pero é maior ca min e xa vai ao instituto. Tamén teño un can chamado Toby e xogo moito con el.

Gústame moito os barcos e o mar. Dixome meu pai que se metemos unha mensaxe nunha botella e a lanzamos ao mar, pode chegar a Galicia. Vou enviar esta mensaxe para ver se alguén a atopa. Imos botala esta noite. A data de hoxe é o 2 de maio do 2005. Se alguén atopa esta mensaxe, que me conteste por favor ao enderezo que está arriba. Quen es? Que fas? Como é o lugar onde vives? Que fas no teu tempo libre? Como é a túa familia? A que se dedican? Tes algunha mascota? Como é? Sei que pregunto moito, é que son moi curioso! Espero ter noticias túas algún día.

Un saúdo.

O teu amigo  
Martiño





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.